

Ao emorecer a alba...

Vaite, díxenlle, fociños de poli, fociños de vaca, vaite, non soporto os lambecús do poder e os abesouros da esperanza. Vaite, agoreiro do demo, chincha de acólito. Virei logo cara paraísos para el e os seus perdidos, máis sereno cá cara dunha muller mentireira, e alí, cos efluvios dun pensamento sen acougo arrolándome nutría o vento, desataba os monstros e oía subir do outro lado do desastre, un río de rulas e de trevos da savana que levo sempre nas miñas fonduras á altura inversa á vixésima planta das casas máis insolentes e por precaución contra a forza putrescente dos ambientes crepusculares, recorrida de noite e de día por un imponente sol venéreo.

Ao esmorecer a alba, de enseadas fráxiles agromando as Antillas están famentas, as Antillas agreladas de bochas, as Antillas dinamitadas polo alcol, embarrancadas na lama desta baía, no pó desta cidade sinistramente embarrancadas.

Ao esmorecer a alba, a extrema, enganosa desolada éscara na ferida das augas; os mártires que non testemuñan; as flores de sangue que murchan e se esparexen no vento inútil coma berros de papagaios paroleiros; unha vella vida que sorríe mentireiramente, seus beizos abertos de angurias desleixadas; unha vella miseria que podrece baixo o sol, silenciosamente; un vello silencio que rebenta de pústulas tépedas, a arrepiante inanidade da nosa razón de ser.

Ao esmorecer a alba, nesta máis fráxil espesura de terra superada de xeito humillante polo seu grandioso porvir – os volcáns han estoupar, a auga núa ha levar as manchas maduras do sol e non ha ficar máis ca un burbullar tépedo peteirado por paxaros mariños – a praia dos soños e o incríbel espertar.

Ao esmorecer a alba, esta cidade chaira – extendida, descarrilada do seu sentido común, inerte, sofocada baixo a carga xeométrica da súa cruz que volta eternamente, insubmisas á súa sorte, muda, a desgusto de calquera xeito, incapaz de medrar da seiva desta terra, encolleita, roída, reducida, a fauna e a flora en extinción.

Ao esmorecer a alba, esta cidade chaira – extendida...

E nesta cidade inerte, esta multitude berrona allea tan sorprendentemente ao seu berro como esta cidade ao seu movemento, ao seu senso, sen inquedanzas, allea ao seu berro verdadeiro, o único que se lle quixer oír berrar porque é o único que se lle sente seu; porque se sente habitar nela nalgún recuncho profundo de sombra e de orgullo, nesta cidade inerte, esta multitude allea ao seu berro de fame, de miseria, de revolta, de odio, esta multitude tan estrañamente lingoreteira e muda.

Nesta cidade inerte, esta estraña multitude que non se amontoa, non se mestura; hábil en descubrir o punto de desancaixe, de fuga, de esquivas. Esta multitude que non se sabe acomodar, esta multitude, ben se ve, tan perfectamente soa baixo o sol, a xeito dunha muller, tal como puidemos crer pola súa cadencia lírica, quen interpela subitamente unha chuvia hipotética e lle intima a orde de non caer; ou a xeito dun sinal rápido de cruz sen móbil visíbel; ou a xeito da animalidade subitamente grave dunha labrega que mexa de pé coas pernas abertas e dereitas.

Nesta cidade inerte, esta multitude desolada baixo o sol, sen participar de nada do que se vai expresando, vaise asentando, vaise liberando á luz do día desta terra súa. Nin da emperatriz Xosefina dos franceses quen ten soños moi por enriba da negrallada. Nin do liberador fixado na súa

liberación de pedra blanquexada. Nin do conquistador. Nin deste desprezo, nin desta liberdade, nin desta audacia.

Ao esmorecer a alba, esta cidade inerte cós seus reversos de lepra, consuncións, fames, medos agochados nos barrancos, medos asomados nas árbores, medos cavados no chan, medos á deriva no ceo, medos amoreados e as súas fumarolas de angurias.

Ao esmorecer a alba, o outeiro esquecido, esquecéndose de saltar.

Ao esmorecer a alba, o outeiro coma unha zoca inqueda e dócil – o seu sangue palúdico derrota o sol cos seus pulsos ardentes.

Ao esmorecer a alba, o incendio contido do outeiro, como un salouco amordazado ao bordo do seu estoupido sanguinario, na procura dunha ignición que se agocha e se descoñece.

Ao esmorecer a alba, o outeiro acurrucado diante da bulimia asexando raios e remuíños, vomitando lentamente as súas canseiras de homes, o outeiro solitario co seu sangue derramado, o outeiro coas súas vendas de sombra, o outeiro cos seus regueiros de medo, o outeiro coas súas grandes mans de vento.

Ao esmorecer a alba, o outeiro famélico e ninguén mellor ca este outeiro bastardo sabe porque o suicida afo-gouse coa complicidade do seu hipogloso ao revolver a lingua para tragalo; porque unha muller semella facer o morto no río Capot (o seu corpo luminosamente escuro organízase ás ordes do embigo) sin ser mais ca un vulto de auga sonoro.

E nin o mestre na súa clase, nin o cura na catequese serán capaces de sacarlle nin unha soa palabra a ese negriño adurmiñado, malia o xeito tan enérxico co que tamborilan ambos os dous o seu cranio rapado, porque nas lagoas da fame é onde está sumida a súa voz de inanición (unha-palabra-unha-soa-palabra e dispénsovos-daraiña-Branca-de-Castela, unha-palabra-unha-soa-palabra, aí-tesdes-ese-salvaxiño-que-non-sabe-nin-palabra-dos dez-mandamentos-de-Deus)

porque a súa voz esvaécese nas lagoas da fame,
e non hai nada, pero nada que sacar deste nugallán,
mais ca unha fame que non sabe escalar ata os órganos
da súa voz
unha fame pesada e amorfa,
unha fame enterrada no máis profundo da Fame deste
monte famélico

Ao esmorecer a alba, o embarracamento heteróclito, os fedores exacerbados da corrupción, as sodomías monstruosas da hostia e do vitimario, os valados infranqueabéis do prexuízo e da estupidez, as prostitucións, as hipocresías, as lubricidades, as traizóns, as mentiras, as falsidades, as concusións, – o afogo das covardías insuficientes, o entusiasmo sen fervor de erupcións supernumerarias, as cobizas, as histerias, as perversións, as arlequinadas da miseria, as tolleduras, os prúritos, as urticarias, as hamacas tépedas da dexeneración. Aquí o desfile de risibles e escrofulosos bubóns, os farelos de microbios moi raros, os velenos sen antídotos coñecidos, os icores de chagas moi antigas, as fermentacións imprevisibéis de especies putrescibles.

Ao esmorecer a alba, a gran noite inmóbil, as estrelas máis mortas ca un balafón crebado,

o bulbo terrático da noite, xermolado das nosas baixezas e das nosas abdicacións.

E os nosos xestos estúpidos e aloucados para que revivir a salpicadura de ouro de intres favorables, o cordón umbilical restituído ao seu fráxil esplendor, o pan, e o viño da complicidade, o pan, o viño, o sangue de esposorios verídicos.

E esta ledicia pasada traéndome o coñecemento da miña miseria presente, unha estrada abalada que se tira de cabeza por un baleiro onde salpican unhas poucas chozas; unha estrada infatigábel que carga a todo tren contra un outeiro e no cumio afúndese brutalmente nunha lagoa de casas badocas, unha estrada que sube tola, que baixa temeraria, e a carcasa de madeira comicamente apoleirada sobre unhas minúsculas patas de cemento que eu chamo «nosa casa», o seu peiteado de chapa ondula ao sol coma unha pel que está a secar, o comedor, o piso primitivo no que relocen as cabezas dos cravos, as trabes de abeto e de sombra que corren polo teito, as cadeiras de palla fantasmais, a luz gris da lámpada, aqueloutra vernizada e fugaz das cascudas que zumban ata facer daño...

Ao esmorecer a alba, esta terra máis esencial restituída á miña gula, non de difusa tenrura senón a atormentada concentración sensual da suntuosa teta dos outeiros coa accidental palmeira tal un xermolo endurecido, o goce entrecortado dos torrentes e dende Trinité ata Grand-Rivière, a gran lambida histórica do mar.

E o tempo pasaba axiña, moi axiña.

Pasou agosto cando os mangos alardean de tódalas súas lúnulas, setembro o parteiro de ciclóns, outubro o flamexador de canas, novembro que rosma nas destilarías, as festas de Nadal estaban a comezar.

Vira anunciado primeiro o Nadal cunha rañeira de desexos, unha sede de agarimos renovados, un agromar de soños imprecisos, logo voara de súpeto no frufurú violeta das súas grandes ás cheas de ledicia, e entón no medio da aldea a súa vertixinosa caída facía estoupar a vida das chozas coma unha granada demasiado madura.

O Nadal non era como as demais festas. Non lle gustaba correr a rúa, bailar polas prazas, montar nos carruseis, aproveitar o barullo para darlle beliscos ás mulleres, botar fogos na fronte aos tamarindos. Tiña agorafobia, o Nadal. O que necesitaba era un día enteiro de trasfega, de preparativos, de guisos,

de limpezas, de inquedanzas,
de-medo-a-que-non-chege,
de-medo-a-que-falte,
de-medo-a-aburrirse,

logo no serán unha igrexiña nada intimidatoria, que se deixara encher indulxentemente de risas, os susurros, as confidencias, as declaracións de amor, as rexoubas e a cacofonía gutural dun chantre ben potente e, tamén por ledos amigos e boas mozas, e nas chozas coas entrañas ricas de suculencias, e non mironas, e xúntanse ata vinte, e a rúa está deserta, e o pobo é un ramo de cántigas, e estase ben dentro, e cómese ben rico, e bébese ben gozoso e hai longaínza, da fina de dous dedos que se enrola coma o volúbel, da ancha e gorda, da suave con sabor a serpol, da forte con incandescencia de pementa, e café ardendo e anís doce e ponche con leite, e o sol líquido do ron, e moitas cousas ricas que se imponen con autoridade ás mucosas ou que as estilan en extase ou as tecen de fragancias, e rise, e cántase, e as cantarelas exténdense ata se perder de vista coma os cocos:

Alleluia

Kyrie eleison... leison... leison,

Christe eleison... leison... leison.